

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DE 3º DA ESO

1. OBXECTIVOS.

COMPETENCIAS CLAVE:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

OBXECTIVOS DA MATERIA E COMPETENCIAS BÁSICAS.

OBX1. Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

OBX9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

RELACIÓN DOS OBXECTIVOS E AS COMPETENCIAS.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-4					1		1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		

2. MATERIAIS DIDÁCTICOS

Libro de texto: *Lengua Castellana y Literatura 3º ESO* Mc Graw Hill.

Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente tanto textos fotocopiados impresos como diversos materiais presentados na Aula Virtual.

Temporalización

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO en nove unidades didácticas.

1º Trimestre:

1. Comunicando adecuadamente. Dividiremos esta unidade en dúas partes: a primeira consistirá en recordar os coñecementos que teñen sobre a materia; e na segunda, centrarémonos no estudo do feito comunicativo, na estrutura da lingua identificando as súas unidades, no texto e as súas propiedades.
2. Que tipo de texto emprego? (Tema que se tratará ao longo do curso escolar). Tanto para comprender coma producir textos escritos e orais é necesario identifica-los seus tipos. Trataremos de afondar nos aspectos lingüísticos de cada un deles, na súa estrutura e no seu recoñecemento en textos literarios e non literarios; centrándonos sobre todo nos expositivos porque consideramos que os narrativos, descritivos e dialogados xa son quen de diferenciarlos. Precisamos que neste curso sexan capaces de producir pequenos textos expositivos tanto escritos coma orais.
3. Literatura actual fronte a literatura na Idade Media. Iniciaranse neste curso nas etapas literarias cunha aproximación a autores, obras, estilos, xéneros... que será necesario que coñezan para seguir avanzando en aspectos literarios. Aproveitaremos tamén a lectura de obras de temática xuvenil das que darán o seu argumento.
4. Cantos sintagmas ves nesta oración? (Tema que se iniciará no primeiro trimestre e se continuara no segundo). Neste curso, diferenciarán os diferentes sintagmas para formar oracións co que conseguirán corrixir os seus propios escritos. Este estudo facilitaralles o pensamento crítico na elaboración, conmutación pronominal e afondamento das estruturas sintácticas.

2º Trimestre:

5. A palabra: forma e significado. A unidade lingüística fundamental da lingua é a palabra; por iso, centrarémonos nos seguintes aspectos: estrutura, formación e significado. O alumnado investigará o análise da mesma co emprego de diversos dicionarios.
6. Literatura renacentista fronte á literatura de hoxe en día. Xa iniciados na historia da literatura, afianzarán o coñecemento dos seus aspectos: métrica, temática, influencias... ca achega á

literatura renacentista. De novo, a lectura de obras contemporáneas levarán o pracer da lectura e aos comentarios das mesmas.

3º Trimestre:

7. A lingua castelá- igual ca galega- é unha lingua románica. A materia desta unidade será a reflexión sobre as variedades da lingua (históricas, xeográficas, sociais, situacionais) e as linguas da península (orixe, evolución e trazos). En relación con esta temática abordarán conceptos lingüísticos como préstamos, estranxerismos, bilingüismo, diglosia, interferencias... combatendo os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. Precisarán consultar información a través de diversos materiais impresos e dixitais. Nesta unidade as interaccións orais entre compañeiros serán fundamentais e deben respectar as opinións alleas e non recorrer ás discriminacións a ninguén.
8. A literatura contemporánea achégase a barroca. Para finalizar a última etapa histórica e literaria deste curso, afianzaranse os contidos aprendidos analizando e comparando o contexto barroco co presente. De novo, a lectura individual é necesaria para aportar as súas vivencias.
9. O fin do mundo? Que mellor co relato individual ou colectivo dos rapaces nalgún xénero periodístico, dixital ou audiovisual onde se recolla a evolución nas súas producións.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba/s escrita/s. Realizaranse polo menos dúas probas escritas por avaliación.

b) Traballos na clase e tarefas na casa e na clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc.) nos que se terá en conta a participación tanto do traballo individual, coma en parellas ou grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística. Valoraranse os traballos e exposicións individuais e en grupos e un control de lectura (oral ou escrito) dunha obra obrigatoria en cada trimestre.

Os traballos ou tarefas obrigatorios para a súa entrega ou corrección no 1º TRIMESTRE serán:

- Exposición da análise individual dunha copla manriqueña: resumo, análise métrico e estilístico.
- Ler un libro de temática xuvenil entre unha selección dada pola profesora.
- Boletíns de exercicios (actividades do libro de texto e actividades de textos fotocopiados pola docente).

No 2º TRIMESTRE:

- Resumen oral ante os compañeiros dun conto da obra *El conde Lucanor* e análise do mesmo tendo en conta a súa estrutura.
- Ler un libro de temática xuvenil entre unha selección dada pola profesora.

- Boletíns de exercicios (actividades do libro de texto e actividades de textos líricos renacentistas con alusións e/ou temática mitolóxica: Garcilaso).

E no 3º TRIMESTRE:

- Ler un libro de temática xuvenil entre unha selección dada pola profesora.
- Boletíns de exercicios (actividades do libro de texto e actividades de textos líricos barrocos con alusións e/ou temática mitolóxica: Góngora e Quevedo).
- Boletíns de exercicios (actividades do libro de texto e actividades de textos teatrais).

Na nosa materia ofertamos, en cada trimestre, a lectura de obras optativas (unha ou dúas por trimestre) ou un traballo escrito dunha desas obras, voluntario, obtendo un 1 punto máis.

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo a nota media das probas escritas, a que se lle engadirá a nota do control da lectura obrigatoria e a/s nota/s de traballos e tarefas.

A media matemática das dúas probas escritas que se realicen no trimestre constituirá o referente básico sobre o que se achará a cualificación. A media das probas escritas suporá o 80% da nota da avaliación e o 20% restante, outorgaráselle aos traballos, lecturas e tarefas.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

En xuño obteremos a nota da avaliación parcial do curso que consistirá na media das cualificacións das tres avaliacións. Os/as alumnos/as non aprobados poderán presentarse a unha proba final dos contidos do curso antes do 21 de xuño. E os aprobados poderán subir a nota con traballos nesas últimas semanas de curso.

4. SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Os/As alumnos/as que non alcancen o aprobado nas notas parciais das tres avaliacións deberán realizar actividades ou probas de recuperación semanas despois da avaliación correspondente. Se a finais do curso a nota media non alcanza o 5, presentaranse a un exame final en xuño.